

**ALBERTO PENSADO SEIJAS, en calidade de Secretario Accidental do Concello de Marín,**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na súa sesión celebrada o día 05 de setembro de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación (avaliábles mediante xuízo de valor e cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas), tramitación ordinaria e licitación electrónica, do subministro “subministro e instalación de alumeados DE NADAL NO CONCELLO DE MARÍN 2024”. (Expte.: 2024 CO143-007).**

**Primeiro.-** Con data 22/07/2024 ditouse Providencia de Alcaldía dispoñendo a iniciación da tramitación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, do “Subministro e instalación de alumeados de Nadal no Concello de Marín 2024”, motivándose a necesidade do contrato para o cumprimento e realización dos fins institucionais desta Administración Pública.

**Segundo.-** Entre a documentación preparatoria consta “Memoria xustificativa da necesidade do contrato”, asinada polo arquitecto técnico municipal en data 22/07/2024, coa cal se dá cumprimento o disposto no artigo 116.4 da LCSP. Na memoria xustificativa da necesidade pónnese de manifesto a motivación da que surge o contrato: *“Tal e como se vén facendo en anos anteriores é tradición alumear os espazos públicos máis significativos e as principais rúas da cidade, coincidindo con diversas celebracións que teñen lugar na tempada do Nadal, tendo como obxectivos principais o promover a imaxe da cidade de forma que se xere unha maior afluencia de visitantes, así como unha maior actividade comercial durante estes períodos.”*

**Terceiro.-** O investimento será financiado, nun 100 % con cargo a fondos desta entidade.

**Cuarto.-** O prego de prescricións técnicas que define o subministro a executar, foi asinado polo arquitecto técnico municipal, José Carlos Torres Piñeiro en data 22/07/2024, cun orzamento base de licitación, 102.003,00 € con IVE, correspondendo un importe sen IVE, de 84.300,00 €.

**Quinto.-** Atópanse incorporados ó expediente os preceptivos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e de Prescricións Técnicas (PPT), segundo os cales se tramita un expediente de carácter ordinario, cuxa adxudicación se propón por procedemento aberto.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001497A000K8T3Y4T4U1Y7 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 05/09/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 05/09/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/09/2024 14:57:04	EXPEDIENTE : 2024SE001-105 Fecha: 29/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL
--	--	--



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### PRIMEIRO.- Lexislación aplicable.

A Lexislación básica aplicable é a seguinte:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE -LCSP 2017-.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas - RGLCAP-. (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local - LBRL-.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia – LALGA.

Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as de dereito privado.

### SEGUNDO.-Obxecto do contrato e delimitación do tipo contractual.

O obxecto do contrato é a subministración consiste no arrendamento, instalación, mantemento e desmorte das luminarias, e de todos os elementos ornamentais, así como dos seus soportes e ancoraxes. Así mesmo, inclúe tamén os gastos de legalización, autorización, inspección regulamentaria, e calquera outro gasto asociado á posta en marcha e funcionamento da instalación. Trátase dun subministro con instalación en réxime de alugueiro, polo que os elementos non pasan a ser propiedade do Concello unha vez cumprida a prestación.

Por tanto, o obxecto do contrato atópase comprendido dentro do ámbito do contrato de subministro, definido polo artigo 16 da LCSP como:“1. Son contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.”

Como regra xeral o obxecto do contrato debe dividirse en lotes, se ben, excepcionalmente, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente en base a algunha das circunstancias excepcionais previstas no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Neste caso o contrato non se divide en lotes.

A xustificación da non división en lotes do presente contrato recóllese na Memoria, que di o seguinte:“[...] Non procede a división en lotes do subministro

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001497A000K8T3Y4T4U1Y7 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 05/09/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 05/09/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/09/2024 14:57:04</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-105          Fecha: 29/08/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---

CSV: 07E8001497A000K8T3Y4T4U1Y7



obxecto do contrato, por darse o suposto previsto no artigo 99.3.b) da LCSP, é dicir, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, así como obstaculizaría a coordinación da execución no caso de existir unha pluralidade de contratistas diferentes.[...].”

Aos efectos da LCSP está suxeito a regulación harmonizada os contratos de subministros cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no artigo 21.1.b da LCSP (214.000 €).

O valor estimado do contrato é de 84.300,00 €, IVE excluído, polo que non está suxeito a regulación harmonizada.

### **TERCEIRO.- Procedemento a seguir. Licitación electrónica.**

En relación ao procedemento a seguir, o artigo 131.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece que a adxudicación do contrato administrativo realizarase, ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo, e utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido.

O servizo promotor xustifica, na Memoria, a elección do procedemento de contratación a seguir, facendo constar: “[...] O procedemento máis adecuado, a tenor do artigo 156 e concordantes da Lei 9/2017 en relación co disposto no artigo 131.2 do mesmo corpo legal, sería o procedemento aberto.”.

Xa que logo, para o caso que nos ocupa, vemos que se optará polo procedemento aberto (arts. 156 e ss LCSP 2017), tramitación ordinaria (arts. 116 e 117 LCSP), coa utilización dunha pluralidade de criterios de adxudicación (art. 145 LCSP).

O artigo 156.1 da LCSP prevé que no procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

O apartado 6 do artigo 156 da LCSP, pola súa banda, sinala que nos contratos das administracións públicas que non estean suxeitos a regulación harmonizada o prazo de presentación de proposicións será, como mínimo, de quince (15) días naturais, a contar desde a publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil de contratante.

De acordo coa Disposición adicional décimo quinta da LCSP, a tramitación desta licitación leva a práctica das notificacións e comunicacións que se deriven por medios exclusivamente electrónicos.

O expediente debe ter formato electrónico. Esta obrigaón, establecida no artigo 70.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non é nova, senón que é esixible desde o 2 de outubro de 2016, e afecta a todos os expedientes administrativos, non só aos de contratación.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001497A000K8T3Y4T4U1Y7 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 05/09/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 05/09/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/09/2024 14:57:04</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-105          Fecha: 29/08/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



O procedemento aberto a que se refire o presente prego publicarase no perfil de contratante (artigo 156.6 LCSP), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://www.contrataciondelestado.es>)

Conforme o artigo 63 da LCSP e co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual desta Entidade Local, facilitarase a través do Perfil de contratante da mesma toda a información relativa á súa actividade contractual.

O acceso aos pregos e demais documentación necesaria para a presentación da oferta estará dispoñible a través do perfil de contratante por medios electrónicos, cuxo acceso será libre, directo, completo e gratuito, desde a data da publicación do anuncio de licitación.

A presentación de ofertas por medios electrónicos e a apertura das proposicións realizarase a través da ferramenta de xestión de licitacións electrónicas coa que conte a Administración, neste caso, a Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>), na que está aloxado o Perfil de contratante do Concello de Marín.

A apertura dos sobres «A», «B» e «C» farase a través da Plataforma electrónica de Contratación do Sector Público (<https://www.contrataciondelestado.es>).

O sistema informático que soporte a plataforma electrónica de contratación pública terá un dispositivo que permita acreditar irrefutablemente o momento da apertura dos sobres e o segredo da información que estea incluída.

Igualmente, a práctica de todas as notificacións realizarase a través de dirección electrónica habilitada ou mediante comparecencia electrónica. (Disposición adicional décimo quinta da LCSP). A LCSP non estableceu ningunha diferenza entre persoas físicas e xurídicas, por tanto, con independencia do suxeito pasivo da notificación, esta deberá ser electrónica.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares obxecto do presente informe cumpre coas obrigacións legais relativas ao emprego de medios electrónicos na contratación.

#### **CUARTO.- Perfil de contratante.**

De conformidade co artigo 63 da LCSP, deberanse publicar no Perfil de contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, os seguintes actos e documentos do expediente de contratación:

*«a) A memoria xustificativa do contrato, o informe de insuficiencia de medios no caso de contratos de servizos, a xustificación do procedemento utilizado para a súa adxudicación cando se utilice un procedemento distinto do aberto ou do restrinxido, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que deban rexer o contrato ou documentos equivalentes, no seu caso, e o documento de aprobación do expediente.*

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001497A000K8T3Y4T4U1Y7 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 05/09/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 05/09/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/09/2024 14:57:04</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-105          Fecha: 29/08/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---

CSV: 07E8001497A000K8T3Y4T4U1Y7



b) O obxecto detallado do contrato, a súa duración, o orzamento base de licitación e o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

c) Os anuncios de información previa, de convocatoria das licitacións, de adxudicación e de formalización dos contratos, os anuncios de modificación e a súa xustificación, os anuncios de concursos de proxectos e de resultados de concursos de proxectos, coas excepcións establecidas nas normas dos negociados sen publicidade.

d) Os medios a través dos que, no seu caso, se publicitou o contrato e enlaces a esas publicacións.

e) O número e identidade dos licitadores participantes no procedemento, así como todas as actas da mesa de contratación relativas ao procedemento de adxudicación ou, no caso de non actuar a mesa, as resolucións do servizo ou órgano de contratación correspondente, o informe de valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante un xuízo de valor de cada unha das ofertas, no seu caso, os informes sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade a que se refire o artigo 149.4 e, en todo caso, a resolución de adxudicación do contrato».

Igualmente serán obxecto de publicación no perfil de contratante a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato, a desistencia do procedemento de adxudicación, a declaración de deserto, así como a interposición de recursos e a eventual suspensión dos contratos con motivo da interposición de recursos.

O prazo de presentación de proposicións, que será de quince (15) días naturais, comezará a computarse a partir da publicación do correspondente anuncio de licitación no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (artigos 134.2, 156.6, 159.3 LCSP).

#### **QUINTO.- Preparación do expediente de contratación.**

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas require a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato e que deberá ser publicado no perfil de contratante (art. 116.1 da LCSP).

Aos efectos previstos nos artigos 28 e 116 da LCSP, en relación coa finalidade pública a satisfacer contrato o presente contrato e a idoneidade do seu obxecto do para cubrila, recóllese no acordo de incoación a seguinte motivación: “[...] Tal e como se vén facendo en anos anteriores é tradición alumear os espazos públicos máis significativos e as principais rúas da cidade, coincidindo con diversas celebracións que teñen lugar na tempada do Nadal, tendo como obxectivos principais promover a imaxe da cidade de forma que se xere unha maior afluencia de visitantes así como unha maior actividade comercial durante este período[...]”.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001497A000K8T3Y4T4U1Y7 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 05/09/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 05/09/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/09/2024 14:57:04</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-105          Fecha: 29/08/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



En relación ao establecido no artigo 116 da LCSP, en data 22/07/2024, emitiuse polo arquitecto técnico municipal a correspondente Memoria xustificativa integrante do expediente de contratación, onde se determinan, entre outros aspectos, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, a estimación e adecuación do prezo para a execución da prestación e a determinación do procedemento elixido para a adxudicación do contrato.

#### **SEXTO.- Expediente de contratación.**

No expediente de contratación figuran os documentos precisos, a que fai referencia o artigo 116 da LCSP, e que se enumeran nos antecedentes deste informe, aos que deberán sumarse o certificado de existencia de crédito e informe de Intervención de fiscalización do gasto.

#### **SÉTIMO.- Criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato.**

Os criterios de adxudicación previstos no PCAP, están relacionados co obxecto do contrato, a teor da previsión do artigo 145 da LSCP.

En virtude dos artigos 145 e 131.2 da LCSP, a adxudicación dos contratos realízase, como regra xeral, utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

Con carácter facultativo, previa xustificación, os contratos poderanse adxudicar con arranxo a criterios baseados na mellor relación custo-eficacia, sobre a base do prezo ou custo, como o cálculo do custo do ciclo de vida.

A mellor relación calidade-prezo avaliarase con arranxo a criterios económicos e cualitativos. Os criterios cualitativos poderán incluír aspectos ambientais ou sociais, vinculados ao obxecto do contrato, que poderán ser, entre outros, os seguintes:

1. A calidade, incluído o valor técnico, as características estéticas e funcionais, a accesibilidade, o deseño universal ou deseño para todas as persoas usuarias, as características sociais, ambientais e innovadoras, e a comercialización e as súas condicións;

As características ambientais poderán referirse, entre outras, á redución do nivel de emisión de gases de efecto invernadoiro; ao emprego de medidas de aforro e eficiencia enerxética e á utilización de enerxía procedentes de fontes renovables durante a execución do contrato; e ao mantemento ou mellora dos recursos naturais que poidan verse afectados pola execución do contrato.

As características sociais do contrato referiranse, entre outras, ás seguintes finalidades: ao fomento da integración social de persoas con discapacidade, persoas desfavorecidas ou membros de grupos vulnerables entre as persoas asignadas á execución do contrato e, en xeral, a inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social; a

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001497A000K8T3Y4T4U1Y7 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 05/09/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 05/09/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/09/2024 14:57:04</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-105          Fecha: 29/08/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---

CSV: 07E8001497A000K8T3Y4T4U1Y7



subcontratación con Centros Especiais de Emprego ou Empresas de Inserción; os plans de igualdade de xénero que se apliquen na execución do contrato e, en xeral, a igualdade entre mulleres e homes; o fomento da contratación feminina; a conciliación da vida laboral, persoal e familiar; a mellora das condicións laborais e salariais; a estabilidade no emprego; a contratación dun maior número de persoas para a execución do contrato; a formación e a protección da saúde e a seguridade no traballo; a aplicación de criterios éticos e de responsabilidade social á prestación contractual; ou os criterios referidos á subministración ou á utilización de produtos baseados nun comercio equitativo durante a execución do contrato.

2. A organización, cualificación e experiencia do persoal adscrito ao contrato que vaia a executar o mesmo, a condición de que a calidade de devandito persoal poida afectar de maneira significativa á súa mellor execución.

3. O servizo pos-venda e a asistencia técnica e condicións de entrega tales como a data en que esta última debe producirse, o proceso de entrega, o prazo de entrega ou execución e os compromisos relativos a recambios e seguridade da subministración. No caso de que non se inclúan criterios sociais e ambientais deberase xustificar a súa non inclusión pola non vinculación dos mesmos co obxecto do contrato (art. 1.3 LCSP). Os criterios cualitativos deberán ir acompañados dun criterio relacionado cos custos o cal poderá ser o prezo ou unha formulación baseada na rendibilidade, como o custo do ciclo de vida.

A aplicación de máis dun criterio de adxudicación procederá, en todo caso, na adxudicación dos seguintes contratos:

- a) *Aqueles cuxos proxectos ou orzamentos non puidesen ser establecidos previamente e deban ser presentados polos candidatos ou licitadores.*
- b) *Cando o órgano de contratación considere que a definición da prestación é susceptible de ser mellorada por outras solucións técnicas ou por reducións no seu prazo de execución.*
- c) *Aqueles para cuxa execución facilite o órgano, organismo ou entidade contratante materiais ou medios auxiliares cuxa boa utilización esixa garantías especiais por parte dos contratistas.*
- d) *Aqueles que requiran o emprego de tecnoloxía especialmente avanzada ou cuxa execución sexa particularmente complexa.*
- e) *Contratos de concesión de obras e de concesión de servizos.*
- f) *Contratos de subministracións, salvo que os produtos para adquirir estean perfectamente definidos e non sexa posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato, sendo por conseguinte o prezo o único factor determinante da adxudicación.*
- g) *Contratos de servizos, salvo que as prestacións estean perfectamente definidas tecnicamente e non sexa posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato. Nos contratos de servizos que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual, como os*

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001497A000K8T3Y4T4U1Y7 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 05/09/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 05/09/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/09/2024 14:57:04</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-105          Fecha: 29/08/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



*servizos de enxeñería e arquitectura, e nos contratos de prestación de servizos sociais se fomentan a integración social de persoas desfavorecidas ou membros de grupos vulnerables entre as persoas asignadas á execución do contrato, promoven o emprego de persoas con dificultades particulares de inserción no mercado laboral ou cando se trate dos contratos de servizos sociais, sanitarios ou educativos, ou de servizos intensivos en man de obra, o prezo non poderá ser o único factor determinante da adxudicación. Igualmente, no caso dos contratos de servizos de seguridade privada deberá aplicarse máis dun criterio de adxudicación.*

*h) Contratos cuxa execución poida ter un impacto significativo no medio ambiente, en cuxa adxudicación se valorarán condicións ambientais mensurables, tales como o menor impacto ambiental, o aforro e o uso eficiente da auga e a enerxía e dos materiais, o custo ambiental do ciclo de vida, os procedementos e métodos de produción ecolóxicos, a xeración e xestión de residuos ou o uso de materiais reciclados ou reutilizados ou de materiais ecolóxicos.*

Cando só utilícese un criterio de adxudicación, este deberá estar relacionado cos custos, podendo ser o prezo ou un criterio baseado na rendibilidade, como o custo do ciclo de vida.

Cando se utilicen unha pluralidade de criterios de adxudicación, na súa determinación, a condición de que sexa posible, darase preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidas a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.

Terase que xustificar a elección das fórmulas, e salvo que se tome en consideración o prezo exclusivamente, deberá precisarse a ponderación relativa atribuída a cada un dos criterios de valoración (art. 146 LCSP).

O PCAP sometido a informe recolle os criterios de adxudicación, na cal indicase:

*"(...)Os criterios de adxudicación son os seguintes:*

*13.1) Criterios cuantificables automaticamente mediante fórmulas:*

*As propostas presentadas puntuaranse cun máximo de 55% da puntuación, de conformidade cos seguintes criterios avaliábelos mediante fórmulas:*

- 1. Oferta económica, ata un máximo do 35% da puntuación.*
- 2. Consumo enerxético total, ata un máximo do 20% da puntuación.*
- 1. Oferta económica [de 0 ata 35 puntos].*

*Á oferta económica de contía mínima entre todas as admitidas atribuiráselle a valoración máxima outorgada á oferta económica (35 ptos). O resto das ofertas económicas serán valoradas de forma inversamente proporcional, de acordo coa fórmula seguinte:*

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001497A000K8T3Y4T4U1Y7 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p>ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 05/09/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 05/09/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/09/2024 14:57:04</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-105          Fecha: 29/08/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---





$$X = [O \text{ min} / O i] \times 35$$

Sendo:

*X*: Puntuación atribuída á oferta económica a valorar.

*O min* : Importe da oferta económica de contía mínima entre todas as admitidas.

*O i* : Importe da oferta económica que é obxecto de valoración.

2. Consumo enerxético total [de 0 a 20 puntos].

O consumo eléctrico total, expresarase en Kilovatios, tendo en conta para o seu calculo, o consumo de tódalas luminarias a instalar, nun día, supoñendo que se atopen acendidas sete horas.

Ao Consumo enerxético total inferior entre todas as admitidas atribuiráselle a valoración máxima outorgada ao consumo (20 ptos). O resto das ofertas serán valoradas de forma inversamente proporcional, de acordo coa fórmula seguinte:

$$X = [O \text{ min} / O i] \times 20$$

Sendo:

*X*: Puntuación atribuída á oferta económica a valorar.

*O min* : Consumo enerxético total da oferta inferior entre todas as admitidas.

*O i* : Consumo enerxético total da oferta obxecto de valoración.

13.2. Criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor:

As propostas presentadas valoraranse cun máximo do 45% da puntuación, de conformidade cos seguintes criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor:

1. Coordinación entres as distintas calles e zonas de afección, e se planifique en concordancia as zonas que se ofertan para iluminar e decorar. 15 puntos.

2. Modernidade dos elementos ofertados, en cuanto á súa catalogación actualizada. 10 puntos.

3. Non repetición de elementos colocados en anteriores anualidades, ou que en caso de repetirse formen un conxunto perfectamente definido e que acompase ao resto de elementos. 5 puntos

4. Innovación nos elementos e que se adecúen ás zonas obxecto de iluminación. 15 puntos.[...]"

Polo tanto, neste procedemento contémpanse criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, dándose preponderancia a aqueles que fan referencia a características do obxecto do contrato avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes obtidas a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, os cales representan o 55% da puntuación total.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001497A000K8T3Y4T4U1Y7 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 05/09/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 05/09/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/09/2024 14:57:04</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-105          Fecha: 29/08/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



A valoración das proposicións atendendo ós criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor farase polos servizos técnicos do órgano de contratación, debendo ser subscritas polo técnico ou técnicos que realicen a valoración.

### **OITAVO.- Prego de Cláusulas Administrativas.**

De conformidade co establecido no artigo 122.2 da LCSP, no prego de cláusulas administrativas particulares inclúe os criterios de solvencia e adxudicación do contrato e establece consideracións de tipo ambiental como condición especial de execución; así como os pactos e condicións definidores dos dereitos e obrigacións das partes e as súas normas de desenvolvemento, polo que se informa favorablemente, en canto á legalidade das súas cláusulas.

Na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establécese a obrigación dos órganos de contratación de velar por que o deseño dos criterios de adxudicación permita obter obras, subministracións e servizos de gran calidade, concretamente mediante a inclusión de aspectos cualitativos, ambientais, sociais e innovadores vinculados ao obxecto do contrato.

Inclúense nos contratos públicos consideracións de tipo social, ambiental e de innovación e desenvolvemento. Estas consideracións poderán incluírse tanto ao deseñarse os criterios de adxudicación, como criterios cualitativos para avaliar a mellor relación calidade-prezo, ou como condicións especiais de execución, aínda que a súa introdución está supeditada a que se relacionen co obxecto do contrato a celebrar.

En particular, no caso das condicións especiais de execución, a Lei impón a obrigación ao órgano de contratación de establecer no prego polo menos unha das condicións especiais de execución de tipo ambiental, social ou relativas ao emprego que se listan no artigo 202.

De conformidade co disposto no art. 202 da nova LCSP 2017, inclúese no PCAP (Cláusula 21) unha condición especial de execución de carácter ambiental, vinculadas ao obxecto do contrato, consistente en que:

*«[...] A empresa contratista terá que achegar, coa acta de recepción do subministro, a documentación que acredite as medidas de xestión medioambiental que se aplicaron aos residuos de fabricación e instalación producidos na execución do subministro, fundamentalmente as relativas a:*

*a) Reciclaxe, reutilización e recuperación dos materiais empregados tanto na elaboración coma no montaxe das luminarias.*

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001497A000K8T3Y4T4U1Y7 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 05/09/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 05/09/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/09/2024 14:57:04</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-105          Fecha: 29/08/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



b) *Indicación de vertedeiros autorizados onde se vaian a trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes da fabricación, reutilización ou instalación*

c) *Compromiso de aportar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos da fabricación e montaxe ou desmonte producidos, son xestionados, segundo o disposto na normativa aplicable.*

*A citada condición especial de execución de carácter medioambiental é considerada obrigación contractual de carácter esencial. O seu incumprimento determinará, atendendo ao principio de proporcionalidade, que o órgano de contratación poida optar por:*

a) *Continuar coa execución do contrato, coa imposición dunha penalidade do 3% do prezo do contrato.*

b) *Resolver o contrato por incumprimento culpable segundo o artigo 211.f) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e a declaración da prohibición de contratar durante o prazo máximo de tres anos en calquera procedemento público de licitación co Concello de Marín, conforme o artigo 71.2. c) e 72 da LCSP.[...]».*

#### **NOVENO.- Órgano competente para contratar.**

O órgano competente para contratar, a teor da previsión da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, é a Alcaldía, se ben, dita competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, mediante resolución de data 20/06/2023.

#### **CONCLUSIÓN**

Do exame da documentación obrante no expediente tramitado para a contratación do subministro “*Subministro e instalación de Alumeado de Nadal no Concello de Marín 2024*”, verifícase que o contido e a tramitación do mesmo se axustan ás disposicións aplicables ao caso, adecuándose á normativa vixente, polo que se informa favorablemente.

Incorporouse ó expediente o informe favorable do servizo de Intervención de data 5 de setembro de 2024.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co art. 150.2 da LCSP 9/2017, e no exercicio da delegación conferida por resolución da Alcaldía do 20/06/2023, por unanimidade dos membros presentes, **acorda:**

**Primeiro.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación (avaliáveis mediante xuízo de valor e cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas), tramitación ordinaria e licitación electrónica, do subministro “*SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ALUMEADO DE NADAL NO CONCELLO DE MARÍN 2024*”, cun orzamento base

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001497A000K8T3Y4T4U1Y7 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 05/09/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 05/09/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/09/2024 14:57:04</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-105          Fecha: 29/08/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



de licitación, IVE excluído, por importe de 84.300,00 euros, correspondentes ao valor estimado do contrato, aos que se deberá repercutir 17.703,00 euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor engadido e unha duración de dous meses.

**Segundo.** Aprobar o gasto correspondente por importe de 102.003,00 euros, IVE incluído, con cargo ao Orzamento de gastos do Concello de Marín para o orzamento vixente.

**Terceiro.** Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que han de rexer a contratación, mediante procedemento aberto, conforme ao artigo 156 e ss da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación (avaliables mediante xuízos de valor e cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas), tramitación ordinaria e licitación electrónica, do presente contrato administrativo de obras.

**Cuarto.** Proceder á apertura do procedemento de licitación do presente contrato por procedemento aberto, mediante a publicación do correspondente anuncio de licitación no perfil de contratante do Concello de Marín, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://www.contrataciondelestado.es>), para que, no prazo de vinte e seis días naturais desde o día seguinte ao da publicación, se presenten as proposicións que se estimen pertinentes (art.156.6 LCSP).

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse obrigatoriamente de forma electrónica a través da Plataforma de contratación do Sector Público, no enderezo electrónico: <https://www.contrataciondelestado.es>, en tres sobres ou arquivos electrónicos coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

**Quinto.** Publicar no perfil de contratante a documentación integrante do expediente de contratación, en particular, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

**Sexto.** Finalizado o prazo de presentación de proposicións, procederase á apertura das proposicións mediante dispositivo electrónico e á súa valoración pola Mesa de contratación

E para que así conste, coa salvedade a que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expídese a presente certificación, por orde e co visto e praxe da Sra. Alcaldesa-presidenta, en Marín, na data que figura ó pé deste documento, que é asinado dixitalmente.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001497A000K8T3Y4T4U1Y7 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 05/09/2024          MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 05/09/2024          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/09/2024 14:57:04</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-105          Fecha: 29/08/2024          Hora: 00:00          Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---



Vº e prace,  
A ALCALDESA

María Ramallo Vázquez

CSV: 07E8001497A000K8T3Y4T4U1Y7

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001497A000K8T3Y4T4U1Y7 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b> ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 05/09/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 05/09/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/09/2024 14:57:04	EXPEDIENTE : 2024SE001-105 Fecha: 29/08/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL
--	--	--

